

# EMHU

## A nova gala 'Animus locandi', con Ana Morgade, Eva Soriano, Leo Harlem e Sílvia Abril, e o show do podcast 'La Ruina', protagonistas da penúltima xornada do EMHU este sábado 6 de maio

O Teatro Colón recibirá contra ás 12:30 horas deste sábado o escachante espectáculo de Ignasi Taltavull e Tomàs Fuentes, mentres que o Palexco acollerá a estrea absoluta da nova gala do EMHU, cunha dobre función programada para ás 19:00 e as 22:00 horas

Todas as entradas para estes espectáculos que terán lugar na derradeira fin de semana da III edición do Encontro Mundial de Humorismo están xa esgotadas

Finalmente, este domingo, 7 de maio, o EMHU 2023 botará o pano coa celebración da gala 'Fantastic Colofon', que contará coa participación de Carolina Iglesias, Luis Piedrahita e Pantomima Full e na que se entregarán os Premios EMHU 2023



**A Coruña, 5 de maio de 2023.-** Ana Morgade, Eva Soriano, Leo Harlem, Sílvia Abril, Ignasi Taltavull e Tomàs Fuentes son protagonistas da penúltima xornada do **III Encontro Mundial de Humorismo**, que chega este sábado, 6 de maio, con todas as localidades esgotadas para as tres funcións que se sucederán ao longo do día.

Pola mañá, contra ás 12:30 horas, o Teatro Colón acollerá unos dos espectáculos máis destacados dos últimos tempos: **La Ruina**, a proposta coa que os guionistas e cómicos Ignasi Taltavull e Tomàs Fuentes fan que tanto asistentes á función coma figuras convidadas compartan a súa anécdota máis vergoñenta en público. Polos micrófonos do show xa amosaron as súas 'miserias' ou ruinas nomes como Berto Romero, Facu Díaz ou Marc Giró. Quen será a persoa convidada desta fin da semana é un misterio, máis os sorrisos estarán garantidos.



Xa pola tarde, o EMHU regresará ao Palexco para presentar a estrea absoluta dunha produción propia: a nova gala ***Animus locandi***, que xunta por vez primeira nun mesmo escenario a catro dos nomes máis grandes da comedia actual en España: **Ana Morgade, Eva Soriano, Leo Harlem** -Premio EMHU 2023 Wenceslao Fernández Flórez, que recollerá o domingo 7 ao inicio da gala *Fantastic Colofon*- e **Sílvia Abril**. A estrea será por todo o alto, con dúas funcións (19:00 horas e 22:00 horas) de 90 minutos ás que asistirán 3.000 persoas. Presente e futuro da comedia farán estalar o auditorio en aplausos e risas nunha última cita ineludible e inesquecible antes do evento final da edición deste ano.

Finalmente, o domingo 7, ás 20:00 horas, o Teatro Colón acollerá a gala de peche da presente edición, ***Fantastic Colofon***, creada expresamente para o festival, que contará coa participación de **Carolina Iglesias, Luis Piedrahita** (director artístico do EMHU) e do dúo **Pantomima Full**, conformado por **Alberto Casado e Rober Bodegas**. Durante a gala -que estará chea de monólogos, sketches, gags e moitas sorpresas- entregaranse os galardóns deste III Encontro Mundial de Humorismo, que este 2023 recaerán en **Leo Harlem, Laura Caballero, Siro López e Carlos Ballarta**. Todos os detalles da última fin de semana do EMHU 2023 pódense consultar na páxina web oficial do festival, [www.emhu.es](http://www.emhu.es).

## AXENDA PROGRAMACIÓN EMHU 2023 - SÁBADO 6 E DOMINGO 7 DE MAIO

### Sábado 6 de maio

12:30 horas | Teatro Colón: ***La Ruina***

19:00 horas | Palexco: ***Animus locandi*** (estrea absoluta)

22:00 horas | Palexco: ***Animus locandi***

### Domingo 7 de maio

20:00 horas\* | Teatro Colón: ***Fantastic Colofon***

\* **A convocatoria de medios será ás 19:00 horas no vestíbulo do propio Teatro Colón**, no que terá lugar a sesión de photocall de despedida ao que asistirán as e os artistas participantes, Premios EMHU 2023, autoridades, patrocinadores e outras figuras convidadas.

## EMHU 2023

O EMHU, promovido polas produtoras **Etiqueta Negra** (Galicia) e **Producciones El Espectador** (Madrid), e que conta co apoio do Concello da Coruña, da Xunta de Galicia e de Estrella Galicia, é unha das citas de referencia da comedia a nivel estatal tanto pola súa programación -pola que pasaron artistas como Andreu Buenafuente, Inés Hernand e Nerea Pérez de las Heras ou David Broncano, entre outras- como pola afluencia de público: no 2022, no que o Coliseum foi unha das principais sedes, o Encontro Mundial do Humorismo sumou máis de 19.000 espectadores.

De cara á presente edición de 2023, o EMHU inclúe, como é habitual, a presenza de **figuras icónicas en galas de produción propia**, creadas exclusivamente para o evento. É o caso de ***Humoris Causa***, que este ano xuntou a **Eva Hache, Dani Rovira, Javier Cansado e Xosé A. Touriñán** sobre o escenario do Pazo da Ópera o 29 de abril; da nova gala ***Animus locandi***, coa que o EMHU regresará ao Palexco para que o público escache coa risa da man de **Ana Morgade, Eva Soriano, Leo Harlem e Sílvia Abril**; ou de ***Fantastic Colofon***, a gala de peche do evento, que terá lugar o 7 de maio e que contará con **Carolina Iglesias, Pantomima Full e co director artístico do EMHU, Luis Piedrahita**, sobre as táboas do Teatro Colón. Nesta cita, ademais, entregaranse os Premios EMHU 2023: **Leo Harlem, Laura Caballero, Siro López e Carlos Ballarta** son os artistas recoñecidos nesta edición.



O Encontro Mundial de Humorismo contará na súa programación troncal con algúns dos **espectáculos en xira máis demandados polo público** neste momento. É o caso de *Buenismo Show*, cuxa estrea en Galicia tivo lugar o 28 de abril no marco do EMHU; ao igual que *La capital del pecado 2.0* de Juan Dávila, presentado o luns 1 de maio; ou *Estirando el chicle desde un castillo*, un programa especial do podcast de Carolina Iglesias e Victoria Martín que se gravou, ao vivo, na tarde do 30 de abril desde o Castelo de Santo Antón. Ademais, entre as propostas que se poden ver estes días na Coruña, están *La comedia salvó mi vida*, con Ignatius Farray (30 de abril); *La Ruina*, o show de Ignasi Taltavull e Tomàs Fuentes (6 de maio); e *Garabato controlado* (5 de maio), cita que suporá a estrea en España do novo espectáculo do arxentino Juan Barraza.

A comedia galega terá unha importante presenza neste encontro de ámbito estatal. Alén das estreas absolutas de *As R(h)umorosas* e *Ansia Viva*, ou da participación de Carolina Iglesias, Luis Piedrahita e Rober Bodegas (Pantomima Full) na gala *Fantastic Colofon*, tamén conta con selo do país o filme *Amigos hasta la muerte*, a adaptación cinematográfica que dirixe Javier Veiga sobre a obra teatral e que chegará aos cinemas o 15 de setembro. Ademais da programación de espectáculos, o EMHU conta cunha serie de actividades paralelas abertas ao público ou con acceso mediante convite, como foi caso do concerto *La banda sonora de nuestra risa* (4 de maio) ou da presentación de *Showriano*, o programa da plataforma Movistar Plus+ (5 de maio). De entrada libre é a exposición *El Guernica: una viñeta universal, humor en la oscuridad, que se poderá visitar até o 30 de xuño na Casa Museo Picasso*, ou propostas xa celebradas, como foron a charla *Picasso e a caricatura* (venres 28) e a función da Escuela de Impro A Coruña (sábado 29).

### Contacto de prensa EMHU 2023

The Office Comunicación

Lucía Pita | 675 404 321

Luisa Castiñeira | 620 113 155

[prensa@theofficeco.es](mailto:prensa@theofficeco.es)

Para máis información podes visitar a páxina web [www.emhu.es](http://www.emhu.es) ou acceder á **sala de prensa** desta edición, na que encontrarás fotografías en alta e clips de vídeo de cada xornada.